



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E O INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR) PARA A REALIZACION DA ACCION DE INVESTIGACION “ Mellora analítica da detección de toxinas en moluscos bivalvos para maximizar o fluxo de traballo en sistemas de control (MADeTOX)”. Código proxecto CIMA 17/01

En Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Rosa Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando no nome e representación da mesma Consellería, ao abeiro das facultades que lle otorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar

Doutra, Dona María Covadonga Salgado Blanco, Directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, con sede no Peirao de Vilaxoán, s/n, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, actuando de acordo co disposto no artigo 8.2.b) da Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do INTECMAR

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1.- Que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídos as Universidades públicas, os Organismos Públicos de Investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras Administracións Públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo.

2.- Que, así mesmo, o devandito artigo 34.1 da citada Lei prevé que poderán celebrar estes convenios, os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades: Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de



centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica e uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

3.- Que segundo o disposto na Lei 3/2004 de 7 xuño, Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (en diante INTECMAR), dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle entre outras potestades administrativas, a aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura e concretamente o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplanctónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción así como a investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

4.- Que o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) pertencente á Consellería do Mar (en diante Consellería) exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente ás referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía segundo o disposto na disposición transitoria segunda do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOGA nº 239) e no artigo 9.2.4 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, que aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOGA do día 19).

O CIMA esta integrado polo Centro de Investigacións Mariñas de Corón – Vilanova de Arousa e o Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo.

5.- Que por Resolución do 21 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, foi aprobada a acción de investigación : “Mellora analítica da detección de toxinas en moluscos bivalvos para maximizar o fluxo de traballo en sistemas de control (MADeTox)” na que se inclúe a participación do INTECMAR

6.- Tendo en conta o anterior, a Consellería e o INTECMAR manifestan a súa vontade de colaboración para a realización da dita acción de investigación e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

Este acordo ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Consellería e o INTECMAR para a realización, xustificación e seguimento dos traballos de investigación da acción de investigación: “Mellora analítica da detección de toxinas en moluscos bivalvos para maximizar o fluxo de traballo en sistemas de control. (MADeTox)”



SEGUNDA. Condicións de aceptación

O INTECMAR realizará os traballos de investigación de acordo coa metodoloxía, especificacións e plan de traballo reollidos na acción de investigación aprobada

TERCERA. Responsables do traballo

Por parte do INTECMAR será responsable das actividades obxecto do presente acordo xefa da Unidade de Biotoxinas Mariñas.

Por parte da Consellería , será a investigador encargado da recepción dos informes e da coordinación dos investigadores do proxecto .

CUARTA. Establecemento dunha comisión mixta de seguimento

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente acordo que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo. Esta comisión reunirse a solicitude das partes asinantes, formando parte da mesma:

Por parte da Consellería, a Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ou a persoa en quen delegue, e , Investigador Principal

Por parte do INTECMAR , a persoa titular da Dirección ou a persoa en quen delegue, e xefa da Unidade de Biotoxinas.

QUINTA. Financiamento

Para cumprir co obxecto do presente acordo, a Consellería transferirá a cantidade de cento dous mil setecentos dezaoto euros (102.718,00 €) ao INTECMAR con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.561A.640.4, proxecto contable 2002 12919, do orzamento de gastos da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro , coa seguinte distribución por anualidades :

APLICACIÓN INTECMAR	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2019	TOTAL
14.A1.541C. 640.02 Proxecto: Novo (*)	22.224,00 €	40.747,00 €	39.747,00 €	102.718,00 €

(*) Novo código de proxecto coa denominación: MADeTox

Estes fondos corresponden coa achega que a Consellería realizará ao INTECMAR para a realización da acción de investigación “Mellora analítica da detección de toxinas en



moluscos bivalvos para maximizar o fluxo de traballo en sistemas de control. (MADeTox)”
(CIMA 17/01)

A devandita achega instrumentarase a través dos correspondentes documentos contables que permitan as achegas entre organismos da Xunta de Galicia (artigo 64.1.g do Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia).

Para isto no orzamento de gastos da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar tramitarase a correspondente ampliación de crédito na aplicación mediante a que esta financia os gastos de capital do INTECMAR:

APLICACIÓN CONSELLERÍA	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2019	TOTAL
14.01.541C.732.11	22.224,00 €	40.747,00 €	39.747,00 €	102.718,00 €

SEXTA. Da propiedade dos datos e da difusión dos resultados.

A Consellería e o INTECMAR manterán a confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados do proxecto, sempre que non sexa de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente acordo .

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola Consellería e polo INTECMAR , tal e como se recolle nos artigos 53 e seguintes da Lei de Economía Sustentable do 4 de marzo de 2011. Ambas as partes, unha vez executadas as investigacións descritas no proxecto, comprométense a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvolvidas no proxecto e os resultados das análises son froito do presente acordo de colaboración.

SÉPTIMA. Do dereito moral dos investigadores.

Na publicación, no seu caso, dos resultados do proxecto deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito para ser designados como inventores ou autores.

Cando unha das partes desexe utilizar, en parte ou na súa totalidade dita información para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito que, á súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días.



Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, considerarase que a parte correspondente autoriza a utilización da devandita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de todos os investigadores que interviñeron na súa obtención, así como a súa pertenza ás institucións de quen depende. En calquera dos casos de difusión farase sempre especial referencia ao organismo financiador.

No suposto de resultados susceptibles de protección así como de explotación, as partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométese a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación.

En calquera caso, ambas as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do proxecto en actividades propias da súa función investigadora.

OITAVA. Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente acordo de colaboración ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e no seu defecto pola normativa xeral que le sexa de aplicación, en concreto, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e texto refundido da Lei de contratos do sector público

Os conflitos que se formulen resolveranse pola comisión de seguimento mencionada na cláusula CUARTA

NOVENA . Duración

O presente acordo terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, sen que caiba prórroga.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente acordo, asínano e rubricano, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

Pola Consellería do Mar

POLO INTECMAR

P.D. Orde do 30 de marzo de 2012 (DOG nº 70, do 12 de abril de 2012)

D.A. 9º Decreto 177/2016 (DOG 16/12/2016)

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo

María Covadonga Salgado Blanco